



Comité de Empresa
Laborales
Concello de Vigo

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO COMITÉ DE EMPRESA.

Artigo 1º.- O «Comité de Empresa» é un órgano de representación do persoal laboral que está integrado por todos os delegados laborais electos, de conformidade co disposto no Art. 7 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Art. 63, 66 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET), Real Decreto 1844/1994, de 9 de setembro, que aproba o Regulamento de eleccións aos órganos de representación dos traballadores na empresa e Art. 49 e 53 do CONVENIO COLECTIVO DOS EMPREGADOS INTEGRADOS NO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO, aprobado polo Pleno do Concello en sesión plenaria de 28 de decembro de 1998 (cuxo texto foi debidamente rexistrado, depositado e publicado por Resolución do 24 de febreiro de 1999, da Delegación Provincial do Goberno en Pontevedra -Diario Oficial de Galicia nº 70, Mércores, do 14 de abril de 1999-), e Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical.

Aos efectos previstos no Artigo 66.2 do E.T., correspóndelle ao Comité de Empresa a aprobación do correspondente Regulamento de funcionamento.

As funcións do Comité de Empresa serán as establecidas na lexislación laboral e no vixente Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Vigo, sen prexuízo das funcións negociadoras reservadas ás Mesas de Negociación (artigos 32, 36.3 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e artigos 147, 148, e 152.2 e concordantes da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia).

Artigo 2º.- O seu domicilio localízase no propio edificio consistorial do Concello de Vigo, situado na Praza do Rei, s/n., desta cidade.

Artigo 3º.- O Comité de Empresa está integrado polo «Pleno do Comité», que estará conformado e constituído, por imperativo legal, pola totalidade dos delegados/as

laborais que resultaron electos trala celebración das correspondentes eleccións sindicais.

Entre os seus membros será designado, en todo caso, un Presidente, un vicepresidente, un Secretario/a e un vicesecretario/a que o serán, á súa vez, da «Mesa do Comité de Empresa».

Artigo 4º.- Son funcións do Presidente:

- a) Ostentar a representación do Comité de Empresa diante do Concello ou de calquera outra administración, de conformidade coa lexislación vixente.
- b) Convocar as sesións plenarias e fixar a orde do día, na que se incluírán os temas acordados na Mesa do Comité de Empresa, que actuará como Comisión Permanente de funcionamento do Pleno.
- c) Presidir as sesións do Pleno e da Mesa do Comité de Empresa.
- d) Moderar os debates e suspendelos por causas xustificadas.
- e) Coordinar as distintas comisións de traballo.
- e) Visar as actas.
- f) Dirimir co seu voto os empates
- g) Executar os acordos tomados polo Pleno do Comité de Empresa e facer que todos os membros os respecten.
- h) Informar ao Pleno do Comité de Empresa sobre toda a documentación recibida e remitida polo Comité de Empresa.
- i) Invitar ás sesións do Pleno a persoas que considere directamente afectadas polos puntos da orde do día. Asemade, poderá invitar, coa aprobación do Pleno e máis das respectivas comisións de traballo, a membros do cadro de persoal de empregados /as públicos municipais que puideran prestar asesoramento técnico nos asuntos tratados.
- j) Exercer as accións xudiciais e administrativas que así lle encomendase realizar o Pleno do Comité de Empresa, dando conta a este órgano no primeiro Pleno que se convoque.

Artigo 5º.- Ademais, o Comité de Empresa contará cun órgano de traballo, a denominada «**Mesa do Comité de Empresa**», cuxa natureza xurídica non é outra que a dun órgano de traballo colexiado de natureza sindical, previsto no Artigo 49 do vixente Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Vigo, e que contará ata un máximo de cinco membros liberados para o desenvolvemento das funcións

sindicais e representativas, e sen que consuman crédito horario, elixidos polo Pleno do Comité de Empresa.

A designación destes cinco cargos corresponde aos delegados electos do Comité de Empresa, en sesión plenaria por maioría simple dos membros asistentes.

Artigo 6º.- As sesións da Mesa do Comité de Empresa non serán públicas, se ben, por unanimidade dos seus membros, poderá acordarse a presenza de terceiras persoas, sexan delegados ou delegadas sindicais electos, persoas traballadoras do Concello ou outros invitados que así o teñan expresamente solicitado ante este órgano para tratar un tema concreto.

En principio, reunirse cando necesidade o requira polos temas a tratar, sen necesidade de una convocatoria previa.

As xuntanzas da Mesa do Comité de Empresa poderán facerse de maneira conxunta coas que organice a Mesa da Xunta do persoal funcionario, de común acordo entre ámbolos dous órganos colexiados.

Artigo 7º.- Correspóndelle á Vicepresidente da Mesa do Comité de Empresa substituír en todas as funcións á Presidencia do Comité de Empresa en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, desempeñando as funcións ata a incorporación da Presidencia. Asemade, colaborará con esta nas tarefas que acorden.

Artigo 8º.- A Secretaría do Comité de Empresa exercerá as funcións de Secretaría do Pleno do Comité de Empresa e máis da Mesa do Comité de Empresa.

Son funcións do Secretario/a:

- a) Efectuar a convocatoria das sesións por orde do/a Presidente dos Plenos do Comité de Empresa, así como das xuntanzas da Mesa do Comité de Empresa.
- b) Preparar o despacho dos asuntos e redactar as actas das sesións.
- c) Recibir os actos de comunicación dos membros co órgano e, por tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
- d) Notificar as convocatorias das reunións de todos os órganos do Comité de Empresa e a cada sindicato.
- e) Levar e custodiar os libros e documentos.

f) O Secretario /a encargarse, asemade, de todo o relacionado cos arquivos do Comité de Empresa.

g) Expedir certificacións dos acordos aprobados.

h) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Secretario/a.

Artigo 9º.- Nas actas faranse constar os delegados e delegadas sindicais asistentes das distintas seccións, así como un resumo das respectivas intervencións.

Constatarase, asemade, a identidade das demais persoas que puideran asistir ás xuntanzas, indicando o lugar, o día e hora da celebración, as distintas deliberacións realizadas e, de se-lo caso, a forma e o resultado das votacións e os acordos.

De non realizarse sesión por falta de asistentes, a Secretaría fará constar os nomes das persoas non asistentes.

Artigo 10º.- Correspóndelle á Vicesecretaría do Comité de Empresa substituír en todas as funcións á Secretaría en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, desempeñando as funcións ata a incorporación da Secretaría titular e colabora con esta nas tarefas que acorden.

Artigo 11º.- Correspóndelle á vogalía da Mesa do Comité de Empresa colaborar co resto de membros do Comité nas tarefas que se acorden.

Artigo 12º.- As sesións do Pleno do Comité de Empresa poden ser ordinarias ou extraordinarias. Son ordinarias as sesións que celebraranse o día anterior a celebración da última da permanente do mes do organo conxunto (laborais e funcionarios) ás 10 horas en primeira convocatoria, se se conta coa metade máis un de membros do Comité, e ás 10,30 h en segunda convocatoria, contando cun terzo dos membros do Comité, e máis dun Sindicato presente.

Son sesións extraordinarias as convocadas pola Mesa do Comité de Empresa con tal carácter, por iniciativa propia ou por solicitude dun mínimo de dous sindicatos que contén cun mínimo dun 25% de membros no do Comité de Empresa. A solicitude farase por escrito, asinada polas persoas que a subscriben e cos puntos da orde do día e data de realización, que non será menor a 24 horas nin superior a 5 días hábiles, despois da presentación do escrito.

A convocatoria faraxe de maneira automática na reunión anterior , constando na acta a data da mesma

No transcurso dos debates a Presidencia, por petición dalgún dos voceiros, interromperá a sesión para as oportunas deliberacións.

As sesións dos Plenos no son públicas e son reservadas aos delegados electos do persoal laboral municipal, poderán intervir nelas o persoal laboral do Concello que así o solicite trala intervención da quenda dos delegados de persoal, para expoñer os problemas relacionados cos seus postos de traballo.

No caso de non existir quórum na segunda convocatoria, a Presidencia posporá os asuntos que tiñan que ser tratados, para a primeira sesión que se realice.

O Comité de Empresa, de común acordo coa Xunta de Persoal funcionario, poderá celebrar as súas xuntanzas de maneira conxunta co órgano de representación do persoal funcionario cando a importancia dos temas a tratar puideran afectar ou ser de interese para todo o colectivo de empregados e empregadas municipais.

Artigo 13.- Ao comezo das sesións, a Presidencia indicará se algunha persoa membro do Pleno ten algunha observación que facer na acta da sesión anterior.

No caso de habelas, incluírase na acta seguinte, de non haber observacións a acta considérase aprobada.

Os delegados electos presentes poderán pedir a retirada, inclusión ou o aprazamento dalgún punto, que o Pleno someterá a votación e que se acordará coa maioría das persoas presentes.

Os acordos serán tomados pola maioría simple dos delegados electos presentes.

O voto é persoal e intransferible, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.

O voto pode ser afirmativo, negativo ou de abstención.

Cada persoa delegada electa pode solicitar que conste en acta o sentido do seu voto.

Artigo 14.- Poderase exercer a delegación de voto por escrito, por causas debidamente xustificadas, en calquera outro membro do Comité de Empresa.

Artigo 15.- Os acordos adoptados vincularán a todos os membros do Comité de Empresa, podendo, calquera dos mesmos, expresar o seu voto particular na acta.

Artigo 16.- As votacións realizaranse sempre a man alzada, agás que un membro solicite facelo en sobre pechado.

Artigo 17.- As actas deberán ser difundidas, para coñecemento xeral de todas as persoas traballadoras, polos medios que se estimen axeitados.

En todo caso, respectarase a confidencialidade dos asuntos desta natureza e das persoas afectadas.

Artigo 18.- Son dereitos/deberes dos compoñentes do Comité de Empresa:

- a) Asistir ás reunións do Comité, tanto ordinarias como extraordinarias.
- b) Expresar con total liberdade a súa opinión nos debates que se susciten no seo do Comité, así como o respecto ás opinións dos demais membros e ao resultado das votacións.
- c) Presentar ao Comité de Empresa, por escrito, todas as propostas, os informes e as incidencias que considere oportuno para o ben dos seus representados.
- d) Cumprir os labores e as xestións encomendadas polo Pleno.
- e) Responder dos actos cometidos, como tal representante, no exercicio das súas funcións, ante o propio Comité de Empresa e ante os seus representados.
- f) Responder dos acordos tomados polo do Comité de Empresa.
- g) Gardar secreto sobre aqueles asuntos ou deliberacións que sexan declarados segredos pola maioría absoluta dos membros ou que afecten á intimidade das persoas.
- h) Calquera outro que pode emanar da súa condición de delegado.

Artigo 19.- Os/as traballadores/as poderán someter á consideración do Comité de Empresa calquera iniciativa encamiñada a mellorar as súas condicións de traballo, a xestión dos asuntos sociais ou sobre calquera outra materia que afecte os seus intereses. O procedemento para seguir será o mesmo que o establecido para as reclamacións.

Artigo 20.- As propostas que realice o Comité de Empresa trasladaráselle, se así se decide, por medio do seu Presidente, Vicepresidente Secretario/a ou órgano en quen delegue o Pleno, ao organo conxunto de laborais e funcionarios (permanente do comité)

Artigo 21.- Os cesamentos e substitucións dos compoñentes do comité de empresa, regularanse polo disposto na lexislación vixente.

Artigo 22.- O desempeño do labor de Presidente/a do Comité de Empresa estará suxeita a moción de censura. Para que esta prospere, deberá ser acordada por maioría de dous terzos dos membros do Comité de Empresa. A moción de censura deberá ser motivada e presentada por un terzo dos compoñentes do Comité, e incluírá a proposta dun/unha candidato/á Presidente/a. Nun prazo de dez días hábiles someterase a votación dita moción de censura. Os signatarios da devandita moción non poderán presentar outra durante os vinte e catro meses seguintes.

Artigo 23.- O Presidente pode expor ao Pleno a cuestión de confianza. A confianza entenderase outorgada por maioría simple dos membros do Comité de Empresa.

Artigo 24.- O Comité de Empresa poderá celebrar de maneira conxunta, coa Xunta de persoal, as asembleas e xuntanzas informativas ás persoas traballadoras do Concello que consideren pertinentes por afectar aos intereses do colectivo de empregados e empregadas municipais.

Artigo 25.- O presente Regulamento poderá ser reformado total o parcialmente, por maioría de dous terzos dos seus membros.

Artigo 26.- Co obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 152. 2 da lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e 36.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e de conformidade co previsto nos artigos 31.3 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (“Por representación, a los efectos de esta ley, se entiende la facultad de elegir representantes y constituir órganos unitarios a través de los cuales se instrumente la interlocución entre las Administraciones Públicas y sus empleados”) e 15.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (“Los órganos colegiados de las distintas Administraciones Públicas en que participen organizaciones representativas de intereses sociales, así como aquellos compuestos por representaciones de distintas Administraciones Públicas, cuenten o no con participación de organizaciones representativas de intereses sociales, podrán establecer o completar sus propias normas de funcionamiento”), o Comité de Empresa poderá acordar que o proceso de interlocución coa Administración municipal se canalice de forma conxunta cos órganos de representación do persoal funcionario.

Esta canle de interlocución terá por finalidade que os debates e o tratamento das propostas de actuacións que afecten ao colectivo de empregados e empregadas municipais permita unha visión integradora e harmónica aos problemas laborais de toda a plantilla municipal.

Artigo 27.- De conformidade co disposto nos artigos 31.3 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e 15.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, o Pleno do Comité de empresa poderá manter a operatividade e vixencia dun órgano de interlocución único no que se integren aos dous colectivos de empregados e empregadas públicas do Concello (isto é, ao persoal laboral e ao persoal funcionario), o denominado «organo conxunto», que se rexerá polo seu propio Regulamento reitor.

Os delegados/as laborais electos que poidan formar parte dese órgano de representación unitaria e conxunta serán elixidos polo Pleno de delegados que conforman o Comité de Empresa.

Artigo 28.- En coherencia co anterior, o presente regulamento apróbase sen prexuízo das previsións e regulamentacións complementarias que poidan vir contidas no vixente Regulamento reitor do denominado «organo conxunto », aprobado por unanimidade de todos os delegados/as electos o día 18 de decembro de 2019 como instrumento de interlocución sindical conxunta para a defensa dos intereses colectivos e comúns dos empregados laborais e funcionariais desta administración, ou das normas complementarias que puideran modificar, con posterioridade, a devandita regulamentación interna.

Aos efectos previstos nos dous artigos anteriores, os delegados integrantes do Comité de Empresa poderán delegar na persoa que ostente a Presidencia do «organo conxunto» a facultade de interlocución, ante as autoridades municipais, de conformidade co disposto no artigo 5.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 29.- Este Regulamento entrará en vigor o mesmo día da súa aprobación polo Pleno do Comité de Empresa.